

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O PROXECTO DE INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA ESTACIÓN DE MOBILIDADE

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Ponteareas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ponteareas para o proxecto de instalación e posta en marcha dunha estación de mobilidade no concello, composta por unha estación monoposte con sete cadeados, cinco bicicletas eléctricas e unha licenza software BICICARD un ano.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Concello de Ponteareas, no seu propósito de fomentar as actividades



turísticas e culturais como un importante sector de desenvolvemento, está a promover todos aqueles aspectos e actuacións que faciliten o acceso de todos os veciños e visitantes a aquelas zonas que pola súa importancia turística merecen ser visitadas. Este municipio é un punto turístico clave, coñecido polo Corpus Christi, unha festa de gran tradición na que as rúas se cobren con impresionantes alfombras florais feitas a man polos veciños. Ademais, Pontearreas ofrece fermosos espazos naturais como o río Tea e numerosas rutas de sendeirismo que permiten gozar da paisaxe verde característica da zona. A súa gastronomía, baseada en produtos locais, e o ambiente acolledor da súa xente fan deste destino un lugar atractivo tanto para visitantes nacionais como internacionais.

Porén, moitos visitantes non dispoñen de vehículo propio ou desexan moverse de forma máis libre e sostible.

Terceiro.- A mobilidade sostible converteuse nunha prioridade para moitas administracións locais, especialmente en zonas turísticas que buscan mellorar a experiencia dos seus visitantes, reducir a contaminación e fomentar estilos de vida saudables. Neste contexto, a implantación dunha estación de bicicletas eléctricas representa unha oportunidade estratéxica para mellorar a conexión nesta vila do sur de Galicia.

Este proxecto ten os seguintes obxectivos:

- Fomentar unha mobilidade sostible e non contaminante.
- Facilitar o transporte para turistas e residentes.
- Potenciar o turismo activo e ecolóxico.
- Dinamizar a economía local a través do uso de medios de transporte modernos e accesibles.

A instalación de estacións de bicicletas eléctricas é unha iniciativa coherente coas políticas de sostibilidade, mobilidade intelixente e promoción do turismo de calidade. Este proxecto non só mellora a mobilidade, senón que tamén fortalece a cooperación entre municipios e reforza a identidade do litoral galego como destino natural, saudable e moderno.

O proxecto consiste en montar unha estación de mobilidade con bicicletas eléctricas, que



teña todas as medidas de seguridade, para estacionar as bicicletas cunha ancoraxe segura, que á súa vez cargue a súa batería, con GPS e software que permita saber en todo momento a súa localización, e que facilite utilizar un sistema de préstamo seguro.

As estacións monoposte BICICARD contan cun deseño modular, adaptable en número de ancoraxes e de fácil instalación. Incorporan tecnoloxía IoT e algoritmos intelixentes para optimizar a xestión do estacionamento, a carga de baterías e o mantemento, tanto correctivo como de predición.

Ademais, ofrecen unha gran capacidade de análise e xestión dos datos recompilados, permitindo unha administración eficiente e precisa.

As estacións monoposte están fabricadas en aceiro galvanizado con pintura e tratamento anticorrosión, o que garante un alto rendemento, gran durabilidade e mínimo mantemento. Contan cun punto de información, permitindo a incorporación de diversas funcións, como un lector de tarxetas.

O software BICICARD, subministrado baixo licenza anual, ofrece unha solución integral que inclúe:

- Xestor web para a administración do sistema.
- Aplicación móbil (dispoñible para Android e iOS) para usuarios e xestores do sistema de préstamo.
- Servidor activo durante toda a vixencia da licenza.
- Control remoto das estacións en tempo real.
- Xeolocalización de dispositivos durante o período de licenza.
- Mantemento tecnolóxico, con soporte telefónico segundo as condicións de BICICARD.
- Posta en marcha da instalación con desprazamento e asistencia de persoal ITCL.

A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta artículase a través de misións, sendo unha delas a mobilidade, conectividade turística e reequilibrio territorial. Xa en clave da mellora da sostibilidade do



destino, a estratexia aposta por fomentar o uso de medios de transporte brandos (bicicletas, itinerarios peonís) e tamén pola mobilidade eléctrica, que conecte os grandes nodos de transporte intermodais cos recursos turísticos de curta e media distancia, así como o uso do transporte público.

Con estas actuacións quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Pontearreas unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

